



Concello de Vilariño de Conso

ANUNCIO

Por medio do presente anúnciase a convocatoria pública de axudas correspondentes ó programa “Axudas a traballadores autónomos do Concello de Vilariño de Conso durante o ano 2024” aprobada por Decreto de Alcaldía de data 7 de outubro de 2024:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras e convocatoria das “Axudas a traballadores autónomos do Concello de Vilariño de Conso durante o ano 2024” por procedemento de concorrência, co texto íntegro que figura anexo ó presente.

SEGUNDO: Acordase aprobar o gasto de 13.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 414/480 do orzamento de gastos do concello.

TERCEIRO: Rexistrar a información a incluír na BDNS polos medios electrónicos que esta proporciona, coa convocatoria e o seu extracto. Tras rexistrar a información, a BDNS porá o extracto da convocatoria a disposición do Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación.

Beneficiarios das subvencións:

- Autónomos agrarios e gandeiros por conta propia, con actividade económica produtiva autónoma, que realicen a actividade no Concello de Vilariño de Conso, durante algún período do ano 2024.

- Autónomos empresarios, sempre que a actividade económica produtiva que realicen sexa autónoma, que estea legalmente constituída e inscrita no rexistro correspondente, con domicilio fiscal e social no Concello de Vilariño de Conso, durante algún período do ano 2024.

- Estar empadroados e residir efectivamente no municipio de Vilariño de Conso como mínimo durante o último ano anterior á data da convocatoria destas bases (este requisito comprobarase de oficio polo Concello).

En todo caso, so poderán ser beneficiarios das presentes axudas, unha persoa por unidade familiar.

Obxecto das subvencións: Esta convocatoria de axuda ten como finalidade tanto o establecemento como a consolidación de proxectos de carácter agrícola, gandeiro e empresarial que veñan desempeñando os autónomos por conta propia no Concello de Vilariño de Conso, co fin de contribuír á súa mellora competitiva. O obxectivo específico desta subvención é axudar no pagamento das cotizacións á seguridade social tanto no réxime especial agrario, gandeiro e réxime de autónomos xerais.

Bases Reguladoras: Apróbanse as bases reguladoras da convocatoria pública na presente, e cuxo texto íntegro se contén en anexo ó mesmo.

Importe máximo: O importe da subvención ou axuda por beneficiario será como máximo de 300,00 €.

Soamente obterá a axuda un autónomo por unidade familiar.

No caso de que polo número de solicitantes que resulten beneficiarios se superase o importe máximo previsto (13.000,00 €) procederase ao prorrateo correspondente entre todos os que resulten beneficiarios, de xeito que non se supere o crédito global consignado de 13.000,00 €.

No caso dos novos autónomos, o importe da axuda por beneficiario establecerase





Concello de Vilariño de Conso

en función dos meses que leve dado da alta na actividade.

Prazo de presentación de solicitudes: O prazo de presentación das solicitudes será dende o día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e ata o día 29 de novembro de 2024.

CUARTO: Designase como órgano instrutor á Axente de Emprego Local do Concello.

En Vilariño de Conso, na data sinalada á marxe.

A ALCALDESA

Asdo.: D^a. Melisa Macía Domínguez

(Documento asinado dixitalmente á marxe).

